

BASES DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS ANO 2025

Bases específicas que rexen a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de subvencións para a promoción de actividades deportivas, as cales están suxeitas á Ordenanza reguladora das subvencións a deportistas individuais do Concello de Ribeira, publicadas no Boletín Oficial de A Coruña en data 27-06-2018.

1. Concello de Ribeira convoca concurso para outorgar, en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade, bolsas a deportistas individuais non profesionais, que pertencen ou non a entidades deportivas do Concello e que destaquen na súa faceta competitiva durante o ano 2024, co obxectivo de apoiar e fomentar a práctica e o rendemento deportivo.
2. Poderán solicitar bolsas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:
 - Ter nacido/a no Concello de Ribeira e/ou estar empadroad/a no Concello de Ribeira, cunha antigüidade mínima de tres anos dende a data da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
 - Ter licenza federativa en vigor no momento de realizar a solicitude de beca, expedida pola federación deportiva correspondente.
 - Estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello de Ribeira, así como das obrigas coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social.
3. Establécese unha liña de subvención:
 - Deportistas que destaquen na súa faceta competitiva no ano 2024, destinaranse 14.000 €, cunha contía máxima de cada bolsa de 1.000 €.
 - O gasto derivado deste programa resulta imputable á partida 341.48001 do orzamento municipal para o exercicio 2025.
4. As solicitudes dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde, no modelo que figura como anexo, e presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Ribeira, durante un prazo 1 MES, que comezará a computarse a partir do seguinte á publicación da correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Os posibles defectos na solicitudes, seranlles notificados aos interesados e daráselles un prazo de 10 días para emendar erros ou omisións. Transcorrido o dito prazo, se non se producise a emenda requirida, as peticións serán arquivadas sen máis trámites.

CSV: 07E90019422600D1J2T8T8C2C0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019422600D1J2T8T8C2C0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

XABIER VIDAL PEON-Concelleiro delegado de Infraestruturas e Obras, Deportes, Transparencia e Participación Veciñal - 08/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/10/2025 09:19:33

EXPEDIENTE :: 2025CONV000026

Fecha: 07/10/2025

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



5. Xunto coa solicitude de subvención presentarase a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- Currículo deportivo, expedido polo Clube ou Federación correspondente, referido ao ano 2024, así como de anos anteriores cando se teña que valorar a continuidade do/a deportista na alta competición.
- Certificado de empadramento.
- Fotocopia compulsada da licenza federativa correspondente ao ano 2025, ou certificado de ter licenza en vigor nesa tempada expedida pola federación deportiva correspondente.
- Certificación bancaria orixinal da conta corrente na que desexen que se lles ingrese o importe da achega, no caso de que se conceda.
- Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas fiscais co Concello de Ribeira, cas facendas autonómica e estatal, así como Seguridade Social.
- Declaración de outras subvencións percibidas no seu caso.

6. A instrución do procedemento corresponderalle á Concellaría de Deportes.

No seo desta constituirase unha comisión avaliadora, que procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega despois da consideración dos seguintes **CRITERIOS**:

A. **PALMARÉS:** Valorarase unicamente o mellor resultado acadado polo/a deportista na anualidade obxecto da convocatoria, atendendo ao seguinte baremo:

DEPORTES OLÍMPICOS

Ámbito rexional (campionatos oficiais)

Clasificad@s 3º posto: 3 puntos

Clasificad@s 2º posto: 4 puntos

Clasificad@s 1º posto: 5 puntos

Categoría nacional (campionatos oficiais)

Clasificad@s do 4º o 12º posto: 4 puntos

Clasificad@s 3º posto: 6 puntos

Clasificad@s 2º posto: 7 puntos

Clasificad@s 1º posto: 8 puntos

Categoría internacional (campionatos oficiais)

Clasificad@s do 4º o 12º posto: 15 puntos

Clasificad@s 3º posto: 20 puntos

Clasificad@s 2º posto: 25 puntos

Clasificad@s 1º posto: 30 puntos

DEPORTES NON OLÍMPICOS

Ámbito rexional (campionatos oficiais)

Non se puntuán

Non se puntuán

Non se puntuán

Categoría nacional (campionatos oficiais)

Clasificad@s 3º posto: 3 puntos

Clasificad@s 2º posto: 4 puntos

Clasificad@s 1º posto: 5 puntos

Categoría internacional (campionatos oficiais)

Clasificad@s do 4º o 12º posto: 4 puntos

Clasificad@s 3º posto: 6 puntos

Clasificad@s 2º posto: 7 puntos

Clasificad@s 1º posto: 8 puntos

****Só serán puntuables os resultados obtidos de forma individual en campiónatos individuais****

Os campiónatos oficiais referidos anteriormente, serán: o Galego, Nacional, Europeo e Mundial da disciplina, así como Xogos Olímpicos e Xogos do Mediterráneo. Outros campiónatos oficiais que se presenten, poderán ser puntuados ou non a xuízo do comité avaliador.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019422600D1J2T8T8C2C0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

XABIER VIDAL PEON-Concelleiro delegado de Infraestruturas e Obras, Deportes, Transparencia e Participación Veciñal - 08/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/10/2025 09:19:33

EXPEDIENTE :: 2025CONV000026

Fecha: 07/10/2025

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90019422600D1J2T8T8C2C0



B. **CONTINUIDADE:** Valoración en función dos anos de práctica dos/as deportistas, éxitos pasados e mantemento dos/as deportistas na alta competición nos seus respectivos deportes e categorías:

- Por acadar mínimo un 3º posto en campionato Galego durante tres ou máis anos: 3 puntos.
- Por acadar mínimo un 3º posto en campionato Galego durante dous anos: 2 puntos.
- Por acadar mínimo un 3º posto en campionato Galego durante un ano: 1 punto

Na valoración deste apartado non serán tidos en conta os méritos acadados no ano 2024.

C. **CATEGORÍA:** Valoración en función da idade de cada deportista, non da categoría na que se compite:

- | | |
|--|-----------|
| • Absoluta: nados no ano 2006 e anteriores | 10 puntos |
| • Júnior/xuvenil: nados nos anos 2007,2008,2009 | 8 puntos |
| • Cadete/infantil: nados nos anos 2010,2011,2012 | 6 puntos |

Para poder optar a estas axudas, será requisito obrigatorio que os solicitantes reciban un mínimo de 3 puntos no apartado palmarés a valorar, e de 13 puntos no total.

Atendendo á especial importancia dun feito deportivo, poderá valorarse a inclusión nestas bolsas de deportistas con discapacidade ou de categoría master (veteráns).

7. A instrución do procedementos corresponderalle á Concellaría de Deportes. No seo desta, constituirase unha comisión avaliadora, a cal procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega, despois da consideración dos criterios establecidos.

A resolución de concesión ditarase no prazo máximo de dous meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes e deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceda axuda, ordenándoos en función da puntuación que tiveran obtido pola aplicación dos criterios sinalados anteriormente, indicando o importe da axuda concedida.

A Xunta de Goberno do Concello de Ribeira, estudará a proposta de concesión e acordará a concesión e o pagamento das bolsas outorgadas.

8. Notificación e publicación da resolución

A notificación do acordo deberá efectuarse no prazo de dez días sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude.

9. Aceptación da subvención.

Non será necesaria a comunicación de aceptación da subvención, enténdese que tódolos solicitantes aceptan a mesma.



Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a normativa legal vixente e máis en concreto, a Base 51ª e seguintes das de Execución do Orzamento Municipal.

10. Resolucións

O acordo pon fin á vía administrativa, e contra o mesmo poderá interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da práctica da notificación). Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN perante a propia Alcaldía, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da práctica da notificación); neste caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019422600D1J2T8T8C2C0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
XABIER VIDAL PEON-Concelleiro delegado de Infraestruturas e Obras, Deportes, Transparencia e Participación Veciñal - 08/10/2025	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/10/2025 09:19:33	

EXPEDIENTE :: 2025CONV000026
Fecha: 07/10/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E90019422600D1J2T8T8C2C0

**BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS
EXERCICIO 2024****ANEXO I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN****Datos do solicitante**

Nome e apelidos : _____

NIF: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____

Tfno. _____

Correo electrónico _____

Datos do representante

Nome e apelidos: _____

NIF _____

Tfno. _____

Correo electrónico _____

SOLICITA a participación na convocatoria de achegas para deportistas ribeirenses non profesionais correspondente ao exercicio 2025, e que destacaran na súa faceta competitiva no ano 2024.

ACHEGA a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade. ()
- Currículo deportivo, expedido polo Clube ou Federación correspondente, referido ao ano 2024, e anteriores de ser necesario. ()
- Certificado de empadramento. ()
- Certificado de empadramento xa entregado. Non existe variación nos datos. ()
- Copia da licenza federativa correspondente o ano 2025, ou certificado de haber tido licenza en vigor nesa tempada expedido pola Federación correspondente.
- Certificación bancaria orixinal da conta corrente na que desexen que se lles ingrese o importe da achega, no caso de que se conceda. ()
- Certificación bancaria xa entregada. Non existe variación nos datos. ()
- Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas fiscais co Concello de Ribeira, así como das obrigas tributarias coa Seguridade Social. ()
- Declaración doutras subvencións percibidas no seu caso. ()

Ribeira, _____ de _____ de 2025.

CSV: 07E90019422600D1J2T8T8C2C0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019422600D1J2T8T8C2C0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

XABIER VIDAL PEON-Concelleiro delegado de Infraestruturas e Obras, Deportes, Transparencia e Participación Veciñal - 08/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/10/2025 09:19:33

EXPEDIENTE :: 2025CONV000026

Fecha: 07/10/2025

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

